

## Á PROCURA DUN EROS GALEGO: OS CONTOS ERÓTICOS DE XERAIS

O ano pasado apareceu unha modalidade nova da literatura galega: a erótica. Mais non só apareceu como incursión nun eido case de todo novidoso, senón que tiña o propósito de suscitar reaccións nos lectores. Así, no breve pero perspicaz limiar de *Contos eróticos/Eles* (Vigo: Edicións Xerais, 1990), o editor Víctor Freixanes afirma: "*Non hai tradición de literatura erótica entre nós, como tampouco hai novela policíaca, por exemplo, nin outros xéneros*". E no limiar do volume que o acompaña, os *Contos eróticos/Elas*, lemos afirmacións aínda máis interesantes. A primeira vai formulada a xeito de pregunta: "*¿Existe un erotismo feminino? ¿Unha maneira de narrar e de enxergar as cousas máis propias da muller e que o home non atingue, e viceversa? Os críticos non se poñen de acordo*". A provocación vén, nembargantes, da organización de dous volumes que, como di Freixanes, funciona da maneira seguinte: "*Para avivar a polémica (e o xogo) acordamos ordenar estas entregas de relatos eróticos segundo o sexo biolóxico dos seus autores, determinación ben discutible pero que (xa que dun xogo se trata) estamos dispostos a asumir*". E finalmente, remata o limiar do volume 'delas' con outra pregunta que teremos en conta nos comentarios seguintes: "*¿Ata que punto o idioma galego ten xa andadura literaria dabondo como para arrastrar ós seus lectores (porque o problema é tamén dos*

*lectores) polos camiños da ensoñación e o tresvarío, a maxia e a sensualidade que o tal xénero precisa?*" Cítanse estas palabras introductorias porque creo que axudan a enfocar unha análise que dende o primeiro momento quere ser resposta a esa invitación a polemizar, moi en serio, descartando as posibilidades do xogo porque na verdade non atopo material de xogo nos resultados da edición. Dígoo como maneira de salientar non o fracaso da publicación, porque non se trata diso, a idea é sumamente fértil e aleccionadora, senón o que revela dunha actitude estética e social dos galegos.

Subliño o máis empírico dos volumes: nos contos deles hai oito relatos, todos eles de homes (como o indica o título); nos delas hai seis relatos máis un dun home, que segundo o editor "pediu ir con elas". Noutros contextos ou circunstancias, comentaríase que nisto xa existe un desequilibrio que é significativo: o feito de que haxa menos textos femininos e por enriba, os delas vaian acompañados dun masculino. Moitos dirán, ¿e que? Unicamente que esta estrutura mantén o balance a favor dos homes, e as mulleres seguen sen formar un conxunto por elas soas (sen a marca do masculino), e do mesmo tamaño cos homes. Se é por xogo que o home quixo ir con elas, entón por mante-lo xogo, unha delas debeu ir con eles, por se estes decidisen non se portar ben. Outro aspecto obxectivo dos

volumes é o das capas: os contos deles levan unha foto dun home de vaqueiro, de fronte. Os delas mostran unha muller, tamén de vaqueiro, vista dende atrás. ¿Por que o home confronta o erótico directamente mentres que a muller lle dá a espalda? ¿Que factor (in)consciente levaría ao deseñador da capa a colocar aos iconos dos participantes nestas posturas? E abonda de observacións obxectivas.

Nesta nova incursión da literatura galega nun campo da escrita atopamos varias características, que ao mencionalas temos en conta a reducida definición de Alexandrian [*Historia de la literatura erotica*, Barcelona, Editorial Planeta, 1990]: "a literatura erótica é unha literatura cuyo obxectivo es afirmar los derechos de la carne" e que "exige, si no se quiere vulnerar el equilibrio humano, que se mantengan frente a ella los derechos del espíritu, criticándola objetivamente" (p. 7). Cecaís a característica máis destacada dos textos en cuestión é como o erótico (¿galego?) non ten nada que ver co espírito, redúcese ao acto sexual (ou ao seu simulacro), maiormente desprovisto de pracer e máis ben repleto de violencia, degradación e impotencia. Todos estes elementos atópanse combinados no grotesco "Flaubert e a formiga" de Cid Cabido, que parece escrito por unha necesidade do autor de exorcizar os seus propios demos. Non é que o erótico teña a obriga

de incluír elementos amorosos, pero moitos destes relatos dan a impresión de rexeitar unha sensibilidade máis amorosa por medo a situarse nunha posición supostamente débil, e no seu lugar resaltan as urxencias sexuais que non son máis ca un intento de dominar á parella. É dicir, non se permite a contemplación do corpo do outro/da outra que traería sensacións eróticas de verdade, senón que os encontros (que máis ben son non-encontros) redúcense á agresividade, vista no uso de termos tan directos como fragmentadores. [Cf. "the women/objects in pornography are no longer whole, equal human beings, manifestations of the spirit made flesh. They are "tits", "cunts", and wholes". Louise Thornton, *Touching Fire*, p. 7]. Aquí tamén os corpos —femininos e masculinos— convértense en conas, penes, e peliños, os xestos limitanse a zugar, penetrar, atrapar; o simple acto de observar, aínda con aire de voyeurismo, resulta un alivio [Manuel Rivas, "O león de Catro Ventos"] da constante loita polo poder dun sobre outro. Polo menos, como bons contos eróticos, falta a problemática relixiosa ou moral, aínda que o relato de Xela Arias ["Que si, que si"] leve á protagonista ninfómana a un convento. Este conto é máis ben unha desmitificación fantasiosa da maneira en que a relixión representa unha perspectiva sublime da experiencia e necesidades humanas.

Non é que os dous volumes non conteñan contos de talla; o problema é o estilo e mailo contido (dalgúns), que o é case todo. Xa que logo, cómpre salvar algúns dos textos, por varios motivos: os de Villar Janeiro ["Nahía"] e Rábade Paredes ["Noiva azul"] distáncianse dos demais no seu tratamento do erótico. É a súa unha visión máis tradicional, máis achegada a do eros romántico do dezanove, segura na súa relación cos elementos amorosos que cecais xa sexan doutras xeracións. Estes dous contos semellan máis ben retratos que tramas, pero a falta de agresividade subliñaos e dálles certa dignidade. É posíbel que algo teña que ver o seu ritmo máis pausado, aínda nos intres de desexo sexual: é máis poético, acaricia aos personaxes, deixa que entren en contacto e se contemplan na súa totalidade de formas, arrecendos, movementos. Unha maior elaboración, xa con outros visos, é o interesante "Tres" de Claudio Rodríguez Fer. Hai que alonxarse do plano inmediato do discurso para ve-la relación "entre tres" como a dun home coas súas musas (por falta doutro termo máis axeitado). Tamén o que se ofrece neste relato é unha proba de que a lingua galega si ten 'andadura' para a literatura erótica. Non esquecemos que o autor é poeta, polo que podería ser que a sensualidade precise máis ben de poesía que de forza (léase agresión) narrativa.

Tamén cómpre salva-lo conto de María Xosé Queizán, que pon o erótico ao servizo dunha perspectiva crítica. En "As botas", a autora utiliza a relación, polo xeral proscrita, entre dúas irmás, para simbolizar a represión sexual/social baixo a férula dun militar feixista. As botas do pai son tan predominantes que as fillas non son capaces de saíren da infancia, e con canas e moitas horas de estar pechadas na casa, a súa sexualidade esixe satisfacción. É dicir, hai moito máis có emprego dun acto incestuoso, de relacións lesbianas, co pretexto de escandalizar (que tampouco deben escandalizar a ninguén, pero xa sabemos que si o fai); hai unha contextualización acertada do erotismo feminino, e de feito a única visión que sexa mínimamente feminista en todo o volume delas. [Sobre a pregunta de si existe ou non unha literatura erótica das mulleres falarei máis abaixo, porque é fundamental contestala].

Agora ben, ¿como podemos clasificar o resto das colaboracións dos dous volumes? Podemos comezar por sinalar que moitas das tramas se desenvolven fóra da casa, en bares, hoteis, cárceres, unha rúa estreita ou escura, en escenas bañadas en alcohol. A impresión que tira unha estranxeira coma min é que a casa familiar segue a ser un recinto sagrado, proscrito ás relacións sexuais e íntimas das persoas, que deberán proseguir a búsqueda fóra dela. ¿Será a estrutura social, o peso da relixión

<p>católica, a sociedade aínda non plenamente capitalista? [Non se trata de defende-lo capitalismo, pero aínda nun país como USA onde o puritanismo tivo raigames moi fondas, a liberdade sexual ten sido moitísimo máis ampla, sexa por razóns do tempo ou polas da situación económica]. O máis chamante é, entón, como o erótico parece ser un factor non ben asimilado nas capas medias galegas (¿ibéricas?). Doutro xeito non sei explicar a cantidade de prostitutas, macarras e personaxes variopintos do lumpen ou dunhas clases de conducta anodina que desfilan por estes relatos. Ou un conto tan trivial e vulgar como "Matinacións zafanarias" de Carlos Reigosa, que presenta o erótico do recinto familiar como a masturbación [¡involuntaria!] diante dunhas revistas que o protagonista usa como material de investigación 'científica'. O que nos están a indicar os autores —homes e mulleres— é que o erotismo non é elemento admitido na vida diaria, que a sensualidade é máis propia doutros, dos marxinais, e que por enriba a súa manifestación é anormal. A represión, ou os seus efectos continuados, nunha palabra, é a norma. E se engadimos que a perspectiva de varios dos autores masculinos é dun declarado sadismo para coas súas protagonistas, teríamos que preguntar se é indicio dunha actitude misóxina propagada pola educación relixiosa (tema de feito de moitos estudos) ou se é debido</p>	<p>á vergoña de trata-la intimidade por non ser 'masculina'. Estraño pudor nuns homes dispostos a retratar a anatomía feminina en varias posturas degradadas e deshumanizadas. O humor, case negro aínda que lixeiro, parecería ser indicio desa represión, dun nerviosismo perante o acto sexual libre e, diríamos, á luz do día. Agora ben, algo se pode atribuír ao feito aludido por Freixanes de que na literatura galega falta a tradición erótica (e nada, creo eu, á capacidade expresiva da lingua galega, que hai séculos que os galegos fan o amor e moitas cousas máis nesta lingua). Será entón un exceso de autoconciencia, a vergoña que limita a soltura e comprensión do eros humano. Como exemplo, o conto de Xelis de Toro, "Ana na casa". Na miña opinión, é un texto áxil, de construción axeitada e certa perspicacia no tema. O que sucede, sen embargo, é que hai unha mestura de burla e compaixón pola protagonista que desconcerta. O caso dela non é cómico, pero aquelas 'dúas tetas enormes' que destaca repetidamente o narrador queren provoca-lo riso. É un conto que non podería ser escrito por muller, ao menos non por unha que teña unha sensibilidade e unha sensualidade máis axustadas á condición feminina. Aínda así, a resolución da trama está ben feita, e Ana a soas na casa, libre das olladas masculinas, encamiñase cara ao erotismo libertador.</p>	<p>O exemplo anterior lévame a opinar que un dos rasgos destacados destes relatos é, entón, a falta de sutileza —tan precisa para o erótico—, combinada cunha falta de elaboración do tema. A descripción directa —xa o observou Alexandrian— non constitúe literatura erótica. Digo eu, e comigo afirman moitas feministas [cf. Andrea Dworkin, <i>Pornography. Men Possessing Women</i>. NY: EP Dutton, 1989; Susan Griffin, <i>Pornography and Silence. Culture's Revenge Against Nature</i>. NY: Harper &amp; Row, 1982] que é todo o contrario— en contrario que afirma o mesmo Alexandrian, a quen non lle faltan ribetes claramente chauvinistas, de que literatura erótica e pornografía son a mesma cousa. Nós si falaríamos máis ben de pornografía, que reduce o erótico ao acto sexual físico, consumado con inconsciencia primitiva [¿por medo a admitir o que se está a facer, o que se está a gozar], achegándoo ao perverso. Como afirma Gloria Steinem, "Erótica ten que ver coa sexualidade, pero a pornografía ten que ver co poder e o-sexo-como-arma". ["Erotic and Pornographic: A Clear and Present Difference", en <i>Take Back the Night</i>. Wm. Morrow e Cía., 1980]. En troques, a seducción do Pindo en "A última xogada" de Luisa Castro redúcese a un asunto de risos, de fotografías sacadas no momento de máximo pracer, que nin el toma en serio. A forza deste relato xace, tristemente, no seu non</p>
--	--	--

<p>ser, o non ser erótico, o nega-lo erótico como se fose cousa doutra época, cecais, ou dos non modernos. Nin a súa propia degradación lle importa ao protagonista.</p> <p>Entón, se o ritmo cortado, acelerado, e a descripción dos actos sexuais (frustrados, solitarios) non son indicio dunha incapacidade lingüística, ¿o que representan? ¿A falta de tradición na literatura galega? Xa dixen que non me parece. Máis ben debe de haber elementos de maior alcance. Ofrezco varias posibilidades para facer que continúe a polémica, que considero importante. Como primeira suxerencia, ¿será a actitude de incomodidade ante o erótico unha mostra dos vestixios da sociedade franquista? (Bastará recordar a frase de José Bergamín para demostrala permanencia del: "Aquí el que manda es un muerto devorado por gusanos que lo obedecen comiéndoselo". ["Comienzan su obra los gusanos". <i>Sábado gráfico</i>; o motivo foi continuado en ensaios posteriores, cando o autor viu que non houbera ruptura verdadeira coa dictadura]. ¿Deixaría o réxime aos galegos cun chisco de brutalidade e agresividade cultural que permeara até os recunchos máis agachados da súa identidade? ¿Sería a represión do "caudillo" efectivamente a causa, xa non só da 'perversión' da sexualidade feminina, senón tamén de ámbolos dous sexos, polo que parece que eros é transgresión? ¿É a do Estado</p>	<p>Español unha liberalización falsa, creadora á súa vez dunha literatura liberalizada sen folgos nin naturalidade? ¿Ou será a causa un fenómeno propio da "transición": o pasotismo, actitude e comportamentos postmodernos cunha confusa e contradictoria actitude tocantes á experiencia sentimental e íntima? ¿É o conto de Margarita Ledo Andión, "Renda no muro", o mellor exemplo do que é a literatura erótica de certas culturas que, abaratada, corrupta e clandestina como os personaxes deste texto, non chega xa á súa culminación? É moi posíbel que sí. Neste senso os contos eróticos galegos son excelente espello para que os autores e mailos lectores se miren de cerca, preguntándose por esoutra identidade, tamén cultural e política, que existe no máis interior deles. Só a través deste espellos comezarán a ver se a súa ollada coincide coas demais culturas ou se se alonxa, no sentido positivo ou no negativo.</p> <p>¿É a cuestión de se hai ou non unha literatura erótica feminina? Xa o creo que sí, que non é posíbel limitar esta modalidade a unha soa perspectiva, a unha soa experiencia, como non é posíbel limitala a unha soa orientación sexual. Nisto, e con todo respecto para o editor dos <i>Contos</i>, as críticas sí están de acordo. O que pasa, e algúns dos contos eróticos delas son exemplo disto, é que o canon é maiormente masculino, causa de que a escrita erótica feminina aínda non teña tanta práctica e difusión como a dos</p>	<p>homes. Pero hai excepcións. Como antecedente xa non estrictamente literario emporiso liberador, lembremos o libro de Nancy Friday, <i>My Secret Garden</i> [O meu xardín secreto; NY, Simon &amp; Schuster, 1973]. Porén, nista recopilación das fantasías sexuais de diversas mulleres hai moito material para contos, e algunhas das fantasías xa son contos de por sí. Máis recentes son dúas antoloxías, unha editada por Laura Chester, <i>Deep Down. The New Sensual Writing by Women</i> [No máis profundo. A nova escrita sensual da muller; Boston &amp; London, Faber e Faber, 1988], a outra por Louise Thornton, Jan Sturtevant e Amber Coverdale Sumrall, <i>Touching Fire. Erotic Writings by Women</i> [Tocar o fogo. Textos eróticos de mulleres; NY, Carroll &amp; Graf Publishers, 1989]. Ámbalas dúas inclúen diversos xéneros e poderán contribuír á confirmación de que sí existe unha literatura erótica non propia dos homes. Pero non inapropiada para eles, porque estes textos poderán revelar un mundo que aínda non se imaxinan, un territorio onde Eros (e non Tánatos) domina, é forza vital, non debilitadora. Onde non é necesario agredir nin impoñer unha vontade sobre outra para acadalo pracer. Onde a voluptuosidade e mailo comportamento libertino —que nestes contos non abundan— teñan unha libre e erótica funcionalidade nas experiencias dos personaxes.</p>
--	---	--

En fin, as mulleres debemos acepta-lo reto dos *Contos eróticos* clasificándoos como paso fundamental no desenvolvemento dunha literatura galega moderna —e postmoderna se se quere— pero non como resposta adecuada ao retrato do erótico, porque o verdadeiro Eros aínda non está na meirande parte destes relatos. Porque neles, polo menos dende a perspectiva feminina, non se representa "the inherent and life-affirming place of Eros in women's lives" [o lugar inherente e afirmador de Eros na vida da muller], senón unha escrita "hardcore" que implica unha serie de pequenas, metafóricas mortes (de homes e mulleres ámbolos dous) coa fragmentación dunha vida íntegra. Póde ser un rasgo dos nosos tempos, ou pode ser só o resultado de teren os autores (pero non todos eles, xa dixemos) tentado 'penetrar' (o termo é elixido á posta) nun terreo descoñecido até agora para eles, como mulleres, como galegos, como ibéricos, ou como herdeiros do pasotismo. O que sí hai é unha chea de prexuízos e complexos, de toda clase, que esixen ser resoltos e mellorados, porque todos, non só as prostitutas, os presos e os impotentes, temos dereito a vivir nas terras de Eros e, se cadra máis importante aínda, nas de Afrodita, e eles teñen dereito a residir con toda dignidade e amplitude, en terras galegas. ▲

